CCA Melide
CentroComercialAberto
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 141. Outubro 2017. Distribución gratuíta

O comercio de Melide marca tendencia encima da pasarela

Máis de cincuenta modelos *amateur* e catorce establecementos deixaron patente a fortaleza e a calidade do comercio local de Melide, nunha nova edición -a terceira- da pasarela *Melide está de Moda*. Nunha Casa da Cultura completamente reformada e repleta de público, os asistentes puideron ver enriba da pasarela as últimas tendencias e propostas para home e muller, tamén infantil e adulto, que se van a levar este outono-inverno. P3

Dous lumes en Melide e Santiso nunha xornada negra en Galicia

Efectivos contra incendios e veciños traballaron sen descanso para sufocar dous lumes que se iniciaron na comarca, un deles próximo ás vivendas en Santiso. P13

Dairylac presenta os seus novos queixos *Tres Viajeros*

A empresa, con sede en Melide, vén de presentar unha nova gama de queixos baixo as Denominacións de Orixe Protexidas Tetilla e Arzúa-Ulloa. P7

MELIDE
Comeza o curso no conservatorio despois de que o Concello acate a sentenza P10

COMARCA
Cambios na corporación de Toques trala renuncia dunha concelleira P13

CULTURA
Volve con máis forza o Melide Fútbol Sala Feminino P17

ENTREVISTA
Juan Ángel Castro, Gasolineira Yethi P23

YETHI CARBURANTES

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

28 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Galicia non arde, quéimana

"...entidades e administración, e tamén a poboación galega en xeral debemos contribuír á prevención. Na nosa comunidade existe un grave problema cos incendios e tamén co eucalipto... Hai que buscar unha solución antes de que ocorra unha desgraza como a de Portugal, porque despois da traxedia non haberá mangueira nin rezo que chegue para apagar o lume".

A traxedia volveu a ocorrer. Estas palabras son do mes de xullo deste mesmo ano. Agora, tan só tres meses despois... non saen as palabras, só os sentimentos. **RABIA, IMPOTENCIA, DOR, INDIGNACIÓN**... ao ver que o noso monte volveu a arder. Ao ver que o lume levou vidas humanas. Xa está ben. É hora de esixir responsabilidades políticas ante a peor vaga de lumes dos últimos anos na nosa comunidade. Hai tan só uns días que o presidente da Xunta de Galicia asegurou que a finalización do contrato de 436 brigadistas o pasado 30 de setembro non afectaría na loita contra o lume, e tras iso pediu a colaboración da cidadanía para localizar aos incendiarios. Non se pode responsabilizar única e exclusivamente da desgraza a unha "actividade incendiaria homicida, a que en Portugal non daban extinguido os seus lumes e a que o tempo e a seca non axudaron". Canto se investiu en prevención de incendios?, que medios se destinaron?, cando debe rematar unha campaña contra incendios en Galicia? Demasiadas preguntas e poucas respostas. De vergonza foi tamén a actuación dos nosos representantes políticos. Onde estiveron toda a xornada do domingo 15 de outubro mentres veciños e veciñas tentaban frear coas súas mans, os únicos medios dos que dispoñían, o avance das lapas. E de vergonza tamén o papel dos medios de comunicación públicos que en teoría están para manter informada á cidadanía. Chegaron tarde, igual que a axuda. Toca reflexionar e recapacitar sobre a escasa ou nula efectividade das medidas actuais en materia de prevención de incendios. A busca dunha solución non se pode pospoñer máis. Hai que reordenar e limpar o monte, cambiar as políticas forestais e, sobre todo, incidir nas campañas de prevención. Xa está ben de dicir que Galicia arde; Galicia non arde, quéimana. E mentres non se destinen máis medios a atallar este problema seguirán prendendo lume.

Tribuna de opinión

Toca seguir traballando

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

A finais de agosto foi o "Mercamelide" e a mediados de outubro a pasarela "Melide está de moda", dúas actividades claramente encamiñadas a potenciar e dinamizar o comercio local que requiren dun gran esforzo por parte de todos: organizadores e participantes. É de agradecer a implicación dos comerciantes que decidiron apostar por unha edición máis desta iniciativa, así como a axuda recibida por parte de todos os colaboradores. Sabemos que todo é mellorable, e que sempre se cometen erros que hai que corrixir, pero para iso estarán as vindeiras edicións porque isto non remata aquí. Non pode rematar aquí. Ver aos máis cativos enriba da pasarela, aos non tan cativos e aos máis adultos fixo que a xente de Melide e comarca gozase dunha xornada de divertimento, porque tamén se trataba diso, de divertirse. Ao mesmo tempo que se deixou patente a forza, a enerxía, a variedade e a calidade do comercio de Melide. Agora toca seguir traballando nas vindeiras actividades e, unha vez máis, entre todos apostar pola economía local, dándolle a prioridade que se merece ao crecemento económico non só do comercio, senón de todos os sectores empresariais. Pequenas iniciativas que poden chegar a dar grandes resultados, pero sempre contando co firme compromiso de todas as partes.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira Veiras
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Xosé Núñez López, César Lorenzo Rodríguez
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....2
-EMPRESA.....3
-MELIDE.....8
-COMARCA.....12
-CULTURA E LECER.....17
-COLABORACIÓNS.....22
-ENTREVISTA.....23

O comercio de Melide sobe á pasarela as tendencias para este outono-inverno

Catorce establecementos socios de Asetem e máis de medio cento de modelos deixaron patente a fortaleza do comercio local

Ante centos de persoas, os modelos desfilaron coas propostas máis novidosas de cada tenda

O sábado 14 de outubro Melide converteuse nun referente de moda grazas á celebración da pasarela "Melide está de moda", unha iniciativa organizada pola Asociación de Empresarios Terra de Melide, en colaboración co Concello e a empresa Studioklec, que vai xa pola súa terceira edición.

O obxectivo, dar a coñecer as tendencias e as propostas do comercio local para esta temporada outono-inverno e, ao mesmo tempo, dinamizar a vila a través dunha xornada diferente.

As carreiras e as présas, os nervios e os ensaios deron paso a un desfile de moda que comezou ás seis da tarde na Casa da Cultura de Melide, repleta de público expectante, coa actuación da cantautora Rebeca Ponte, coñecida polo seu nome artístico como Cardigan Bridge. A continuación, e ante centos de persoas, comezaron a saír os modelos coas mellores galas de cada establecemento. Nesta edición foron un total de once, xunto á colaboración de Floristería Tarrío e La Cortina, que realizaron a decoración do escenario, e o salón DivaPro Hair&Beauty que prestou un servizo de manicura ás modelos.

Durante algo máis de dúas horas o público asistente puido comprobar de primeira man cales están a ser as últimas tendencias en roupa tanto infantil como para adultos, así como para homes e mulleres.

Comezaron os máis pequenos amosando as propostas en calzado para dar paso ao téxtil e tamén aos maiores. A simpatía e a naturalidade dos pequenos arrincaron os aplausos máis fortes que soaron na Casa da Cultura, sen desmerecer a actuación de cada modelo *amateur*. O toque experto púxoo a modelo profesional Silvia de Vidal, candidata no seu día ao certame de Miss España, e que desfilou para cada unha das tendas. Con todo, os deseños que puideron verse sobre a pasarela tamén foron os auténticos protagonistas, xa que non deixaron indiferente a ninguén.

Pola súa banda, a posta en escena resultou dinámica en todo momento grazas á descrición de cada modelo, ao acompañamento musical e á proxección dos nomes de cada unha das tendas participantes: Zapatería Pequeniños, Colorín colorado, Mis mejores labores, Sueños, Sisuka (con gafas de Ópticas Tábora), Tu Boutik (con gafas de Óptica Melide), Stardemoda, M&M e Medusa Shop; todas elas nun escenario decorado cun ambiente acolledor e relaxado, con matices modernistas e florais.

Dende Asetem non dubidaron en apoiar a iniciativa coa presenza do seu presidente, Manuel Vázquez, ao igual que o Concello de Melide, coa asistencia da alcaldesa da vila, Dalia García, entre outras autoridades.

Malia que xa se organizara en 2011 unha iniciativa semellante no Pazo de Congresos, esta foi a terceira vez que se apostou por un formato destas características, máis reducido e coa Casa da Cultura completamente reformada como escenario. Pese a algúns erros de última hora, o éxito do desfile xa fai pensar en traballar na organización da cuarta edición para a primavera que vén.

UN CURSO DE MODELAXE PARA APRENDER A DESFILAR

Como novidade este ano, antes da celebración da pasarela "Melide está de Moda", organizouse un curso de modelaxe repartido en dúas sesións, e que foi impartido pola modelo profesional Silvia de Vidal. As xornadas tiveron lugar os venres 6 e 13 de outubro na Casa da Cultura de Melide en dúas quendas; unha primeira ás sete e media da tarde para os máis pequenos e outra ás oito e media para os adultos. Ademais foi de carácter gratuíto e aberto a todo o mundo, xa que puido asistir calquera persoa aínda que non participase no desfile de moda. En ambas sesións, Silvia de Vidal ensinoulles aos asistentes diferentes aspectos a ter en conta ante unha pasarela, como por exemplo as normas básicas para saír a desfilar, que tipo de roupa interior se debe levar, as distintas pasarelas que hai e como se debe comportar unha modelo dependendo de se a pasarela é algo máis profesional ou informal. Tamén aconsellou aos participantes sobre como colocarse enriba da pasarela e a expresión a manter no rostro. Unha actividade divertida que en moitos dos casos tamén serviu para vencer a timidez e o pánico escénico dos asistentes.

Silvia de Vidal impartindo o curso de modelaxe para nenos e maiores

MELIDE ESTÁ DE MODA

A PASARELA EN IMAXES

2017

Pequeniños

Colorín Colorado

Mis Mejores Labores

Sueños

Actuación Cardigan Bridge

Sisuka

Sisuka con lentes de Óptica Tábora

Tu Boutik

Tu Boutik con lentes de Óptica Melide

Stardemoda

M&M

Medusa Shop

Novos desafíos para o comercio de proximidade

O comercio local analiza as necesidades de adaptarse aos novos consumidores dixitais

Está claro que o desenvolvemento e progreso do comercio local pasa cada vez máis polas novas tecnoloxías. Atendendo a isto, o Hotel Monumento San Francisco de Santiago de Compostela acolleu o foro "Novo tipo de comercio: evolución, converxencia e innovación". Un encontro no que se trataron temas como a evolución do sector, tendencias, marketing dixital no comercio, convivencia de formatos comerciais e cotas de mercado, entre outros aspectos.

Dende a Asociación de Empresarios Terra de Melide asistiron á xornada o presidente e o vicepresidente de Asetem, Manuel Vázquez e Rodrigo Fernández, para tratar de recopilar máis información e verificar novas estratexias que poidan favorecer ao comercio de proximidade melidense, tendo en conta o marco dixital no que nos movemos hoxe en día.

En relación a isto, o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, sinalou na apertura do foro que a evolución no comercio non vén marcada tanto pola necesidade de adaptarse ás novas tendencias e de utilizar as novas tecnoloxías para modernizar o comercio galego, senón que o motor de cambio é "ter moi claro que o novo consumidor é dixital".

A partir de aí, incidiu, hai que identificar cales son as medidas que permitan conxugar ese comercio de proximidade e personalizado, coa adaptación tanto ás novas tecnoloxías como aos novos estilos de vida. "O comercio de proximidade galego diferenciouse todos estes anos pola calidade do produto, pola atención e pola proximidade, e agora ten que medrar intentando aproveitar as oportunidades e as vantaxes que está marcando a economía dixital, na que o consumidor tamén é dixital", explicou.

Manuel Vázquez, Sol María Vázquez, José María Seijas e Rodrigo Fernández no foro sobre o comercio

Comercio electrónico

Conde, que lembrou que o comercio electrónico en España moveu 24.000 millóns de euros no ano 2016, cun incremento dun 20%, sinalou que a tecnoloxía está poñendo a disposición do cliente unha alternativa para buscar novos produtos, e para tomar decisións de compra máis rápidas e accesibles.

Neste senso, remarcou a necesidade de traballar para que a rede se vexa como "unha oportunidade e un elemento adicional aos valores do comercio local, que permita fortalecer o sector e seguir medrando". Trátase en resumo de conxugar as vantaxes do comercio tradicional co comercio electrónico, para o que é necesario introducir cada vez máis a innovación nos establecementos.

O foro sobre o comercio estivo organizado pola Federación Galega de Comercio en colaboración coa Xunta de Galicia, e contou coa presenza do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde López; o presidente da Federación Galega de Comercio, José María Seijas López; e a directora xeral de Comercio e Consumo, Sol María Vázquez Abeal, entre outros expertos.

O BNG denuncia o proxecto da biomasa no Parlamento

O deputado do BNG pola Coruña, Xosé Luís Rivas, trasladou ao Parlamento de Galicia as irregularidades denunciadas na planta de biomasa proxectada no Concello de Melide cunha subvención dun millón de euros por parte do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA).

Segundo explicou, "non hai demanda enerxética suficiente en Melide, por iso non se entende que o INEGA concedera unha axuda tan importante, e por riba para unha planta situada a escasos metros dunha gardería infantil, dun colexio público", denunciou Rivas, tras lembrar que o proxecto non contaba cos preceptivos informes dos técnicos municipais senón que só foi avaliado por informes externos.

Empezar as obras sen ter concedida a licenza ou a celeridade coa que se tramitou toda a documentación, foron outras das irregularidades que, xunto coa localización elixida, motivaron a creación dunha plataforma veciñal en contra desta iniciativa. "Montouse esta plataforma cidadán porque a veciñanza tiña medo do que lle puidera suceder aos seus fillos. É tan irresponsable o proxecto que clama ao ceo e non hai ninguén que asine e avale este proxecto, nin quen avale o uso desta enerxía no concello de Melide", argumentou.

Para o deputado do BNG foi un exemplo claro de "aproveitamento dunha axuda para dar un pelotazo que foi freado pola reacción dos e das veciñas", salientou, tras criticar a opacidade do goberno municipal, "cunha rexedora que se nega a dar información oficial nos plenos". Dende o BNG confían en que "se devolvan todas as axudas públicas recibidas e que este proxecto quede definitivamente pechado atendendo ás demandas da plataforma veciñal".

Viveiro de empresas de Melide: un ano e unha empresa instalada

O viveiro de empresas do Concello de Melide cumpre un ano este mes de outubro e, segundo apuntaron dende o departamento de orientación laboral do Concello, dende a súa creación "aumentou o interese dos veciños nas condicións de uso para poder realizar as súas tarefas laborais nestas instalacións". Dito aumento semella estar motivado por un repunte no número de proxectos que numerosos emprendedores do municipio e comarca deciden levar a cabo. "Si é certo que non todo tipo de empresas se poden instalar aquí; por exemplo, unha tenda física ou un negocio de hostalería non é o máis axeitado; o viveiro de empresas está máis orientado a negocios de consultoría ou aesoría", explica María José Ferro, do departamento de Oreintación Laboral. "Mais aínda así, notamos que durante este ano medrou o interese polo viveiro e polas vantaxes que ofrece a futuras empresas, sobre todo en relación a asesoramento", engade.

Amplas instalacións

O Edificio Multiusos de Melide alberga dende finais de outubro de 2016 o primeiro viveiro de empresas de Melide. Na actualidade conta cunha superficie útil de 241 metros cadrados e dispón de cinco despachos e unha sala común de reunións, unha aula de formación con capacidade para 21 alumnos e acceso a Internet entre outros servizos. Ademais, dáse cobertura aos concellos da comarca (Toques, Santiso e Sobrado dos Monxes), e aos limítrofes de Arzúa, Boimorto e Vilasantar.

Ecovidro facilitará a reciclaxe na hostalería

A través da campaña HORECA, Ecovidro pretende facilitar a reciclaxe selectiva de envases lixeiros no sector da hostalería en Melide. A iniciativa desenvolverase en dúas fases. Unha primeira de concienciación e na que se recollerá información, e outra segunda na que aos hostaleiros que así o soliciten instalaránselles cubos con rodas nos seus establecementos e colocaranse contedores adaptados (dotados con bocas máis anchas que permitan a reciclaxe de grandes cantidades de vidro), en zonas próximas aos locais, co fin de que lles resulte máis fácil xestionar os seus residuos de vidro, especialmente nas zonas máis complicadas como por exemplo o casco histórico da vila, a zona dos pubs ou os lugares de difícil acceso.

FORMACIÓN E XORNADAS EN ASETEM

CURSO DE BENESTAR ANIMAL

O coidado dos animais é un dos aspectos fundamentais a ter en conta, sobre todo, cando se traballa con eles. Para iso, a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem), organiza un **curso de Benestar Animal a partir do vindeiro 13 de novembro**, cunha duración total de corenta horas repartidas en dous módulos de vinte horas cada un. O primeiro módulo leva por título "Benestar animal para condutor e coidadores", mentres que o segundo módulo centrarase no "Benestar animal para persoal de granxas, matadoiros e centros de concentración".

O **prazo para anotarse ao curso está aberto ata o xoves 2 de novembro** e, para inscribirse, as persoas interesadas deberán achegarse ata as oficinas da asociación ou ben chamar por teléfono ao 981 50 61 88. En canto ao horario das xornadas, estas impartiranse de 08.45 a 11.15 horas da mañá, de luns a venres.

Entre os obxectivos que se perseguen figuran os de formar e cualificar ao persoal que se dedica ao coidado e manexo de animais dende o punto de vista da súa seguridade e benestar. O curso será impartido polo veterinario Juan Manuel González González.

XORNADA DE RECICLAXE NA RÚA

Co obxectivo de sensibilizar e concienciar sobre a reciclaxe, a Asociación de Empresarios Terra de Melide promove a campaña institucional de concienciación social sobre a recollida selectiva e a reciclaxe "Separemos ben, reciclaremos mellor". Unha actividade impulsada pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio xunto con Sogama e en colaboración con Ecoembes.

A intención desta campaña é a de sensibilizar e concienciar sobre a importancia de reciclar. Para iso darase información a pé de rúa e repartiranse folletos divulgativos ao mesmo tempo que se realizarán obradoiros interactivos de manualidades para os máis pequenos, contando tamén con agasallos para os cativos tales como contos para colorear, libros de pasatempos, caixiñas con ceras de colores e chaveiros para os maiores.

A actividade "Campaña Separemos ben, Reciclaremos mellor" desenvolverase o **venres día 20 de outubro en horario de 15.30 a 18.30 horas no Cantón de San Roque**. Alí, nun stand informativo todos os que se acheguen recibirán información sobre como reciclar de xeito produtivo e poderán participar nos distintos obradoiros. A iniciativa está dirixida ao público de todas as idades.

BOA ACOLLIDA DO CURSO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS

A finais do mes de setembro realizouse en Melide un curso de extinción de incendios organizado pola Asociación de Empresarios Terra de Melide. Ao longo de dúas xornadas os participantes puideron coñecer aspectos teóricos fundamentais e tamén adquirir a formación práctica básica necesaria para actuar en situacións de emerxencia ante o lume. Deste xeito, nas inmediacións do polígono da Madanela tiveron lugar varios simulacros nos que se empregaron e manexaron útiles reais para combater o lume.

ÚLTIMO PREMIO DOS "DÍAS AZUIS"

Xa o recolle o dito: "máis vale tarde ca nunca". E iso é o que aconteceu a comezos deste mes de outubro cando Alicia Oro Pazo recibiu por fin o seu premio da campaña do comercio local "Días Azuis". Alicia, que fixera a súa compra na tenda Sport Moda (socio de Asetem), fíxose cun premio de 150 euros que non puido ir a recoller durante a entrega oficial en Santiago de Compostela o pasado mes de xullo. Neste senso, recolleu o premio no seu nome o presidente de Asetem, Manuel Vázquez, quen a súa vez llo entregou agora xunto coa responsable da tenda, Patricia Gómez González. A campaña dos "Días Azuis" desenvolveuse na comunidade entre o 16 e o 30 de xuño e foi a primeira edición desta novidosa iniciativa que buscou dinamizar as vendas no pequeno comercio e premiar a fidelidade dos seus clientes.

DairyLac lanza *Tres Viajeros*, queixos baixo as D.O.P. Tetilla e Arzúa-Ulloa

A empresa melidense presentou en Santiago de Compostela a nova marca de queixos que elaborará e comercializará

DairyLac, compañía con sede en Melide, vén de presentar na capital galega unha nova marca de queixos Arzúa-Ulloa e Tetilla. Trátase dos queixos *Tres Viajeros*, dúas novas referencias de produto coas que apostarán por ofrecer un valor engadido ao sector lácteo galego.

Queixos *Tres Viajeros*

O nome está ligado ao Camiño de Santiago e lembra unha historia ficticia acontecida na Ruta Xacobea con tres viaxeiros como protagonistas. As diferentes rutas peregrinas favorecen ademais o desenvolvemento da gama e variedades para esta marca. Deste xeito, xorden dúas variedades de queixos elaborados a partir de leite seleccionado procedente das granxas que nutren a Dairylac.

Durante a presentación explicáronse as características que distinguen a cada un dos produtos. Así por exemplo, o queixo *Tres Viajeros* amparado pola D.O.P. Arzúa-Ulloa distínguese por ser suave e delicado ao gusto, cun lixeiro punto de sal. De tona fina e flexible, cor amarelo, limpa e lisa; cun corte fácil, poucos ollos distribuídos de forma irregular e que se comercializará en formato individual de 0,7 Kg.

Pola súa parte, o queixo *Tres Viajeros* amparado polo selo de calidade D.O.P. Tetilla é tenro e cremoso na boca, cun sabor salgado moi suave. De textura delicada, conta con poucos ollos repartidos de xeito regular e comercializarase nun formato individual de 0,6 Kg.

Chegar a toda España

O presidente de DairyLac, Jaume Llopis, destacou durante a presentación que a compañía "pretende levar os novos queixos *Tres Viajeros* a todas as partes de España e aos países limítrofes", así como o interese da empresa en seguir medrando e lanzando ao mercado novas gamas de produto. Neste senso, referiuse en concreto á aposta que a compañía vai facer dentro do ámbito da alimentación infantil.

Por outra banda, o director xeral da empresa, Iago Quintana, destacou que a gama de queixos *Tres Viajeros* englóbase dentro dun proxecto amplo e ambicioso co que se pretende "transformar, estabilizar e valorizar o sector lácteo galego".

Instalacións da empresa Dairylac no polígono da Madanela en Melide

Os queixos *Tres Viajeros* súmanse así ás diversas gamas de produto xa ofertadas pola compañía, tales como manteiga, nata, queixo crema ou leite fresco pasteurizado.

Os produtos foron presentados nun acto presidido pola directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Xunta de Galicia, Belén do Campo, e ao que acudiron ademais do presidente e o director xeral da empresa, o responsable do IGAPE, Juan Cividanes, entre outras personalidades.

DairyLac é unha compañía 100% galega con sede en Melide, liderada principalmente por diversas cooperativas (ICOS, Aira, Agris e Codeira), e a Xunta de Galica. Xunto a isto, a fusión de ICOS, Aira e Agris nunha cooperativa de primeiro grado, que se fará efectiva en xaneiro de 2018, servirá para reforzar a confianza no proxecto.

IMPRENTA
Meligraf
Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

HOTEL BALNEARIO
RIO PAMBRE
Tlf: 982 153 232 / 679 035 713

Plagostel
NRS (0177-GAL-SPO)
seguridad e higiene alimentaria
www.plagostel.com
698 163 399

O novo centro de saúde ocupará un edificio de 2.000 metros e terá cinco consultas

A xerente de Xestión Integrada de Santiago, Eloína Núñez, visitou recentemente o centro de saúde de Melide onde presentou o proxecto técnico de construción do novo edificio sanitario.

O novo centro, que agrupa todos os servizos sanitarios nun só edificio, próximo á parcela na que se sitúa o actual, contará con preto de 2.000 metros cadrados de superficie. Nesta mesma construción sitúase tamén o Punto de Atención Continuada (PAC).

O proxecto técnico foi realizado en base ás necesidades expostas no plan funcional elaborado en colaboración cos profesionais sanitarios locais. Trátase dun edificio cun deseño atractivo onde prima a luz e a accesibilidade, e está estruturado en catro áreas diferenciadas: a de medicina xeral e servizos comúns, a de pediatría, a de fisioterapia e o Punto de Atención Continuada.

A área xeral contará con 5 consultas de médico de familia, 5 para persoal de enfermería,

Un momento da visita da xerente de Xestión Integrada a Melide

traballador social, matrona, sala de educación maternal, consulta de farmacia, hixienista dental, odontoloxía, sala de extraccións e consulta polivalente. A zona de pediatría contará ademais cunha área propia na que se atopa a consulta do facultativo e a do persoal de enfermería con aseo e sala de espera propia adaptada.

A zona de fisioterapia contará cunha ampla sala para ximnasio, ademais da consulta, cabinas de tratamento e sala de espera. Finalmente, o Punto de Atención Continuada terá unha consulta de enfermería e facultativo, sala de observación, reanimación e zonas de persoal.

Cambio de parcela

En relación a isto, o Concello de Melide vén de aprobar inicialmente nun pleno extraordinario, cos votos a favor do PP e a abstención de BNG e PSOE, o cambio de uso residencial a uso terciario da Unidade A4, unha parcela situada nas proximidades do Colexio Público Mestre Pastor Barral, onde previsiblemente se instalará o futuro centro de saúde.

Os socialistas denuncian verteduras preto do Camiño de Santiago

O grupo municipal socialista do Concello de Melide denunciou que unha estación de bombeo situada a carón do Camiño de Santiago, ao seu paso pola aldea de Santa María, estivo tres días vertendo augas fecais a un rego que desemboca no río Catasol, afluente do Furelos. Segundo explicou o seu voceiro, José A. Prado, o mal olor é notorio, sufrindo tanto os veciños como os numerosos peregrinos que pasan por alí a diario. “Os veciños manifestáronnos que esta situación é habitual e mesmo preto desta estación, na mesma parroquia e lindando co cemiterio local, son tamén frecuentes as verteduras polo mal funcionamento doutra estación”. Os socialistas aseguran que nos últimos anos comprobaron in situ e denunciaron a veracidade do problema. Prado tamén afirmou que “mentres que o Goberno local se nega a un acordo sobre a problemática do saneamento, non é capaz de aportar solucións aos problemas”.

Reforma da cuberta do mercado gandeiro de Melide

A Xunta de Galicia destinará 192.000 euros para a reforma integral do mercado gandeiro de Melide, onde se arranxará a cuberta do recinto que consta de dúas naves. O investimento deuse a coñecer no Consello da Xunta celebrado hai unhas semanas, onde se aprobou o convenio polo cal se farán efectivas estas obras. Terá que ser asinado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), entidade adscrita á consellería de Medio Rural e o Concello de Melide. Segundo transmitiu a rexedora municipal, Dalia García, “o que máis urxe é a substitución do teito para evitar as continuas reparacións ás que se ve sometido”. Cada último domingo de mes a feira de gando de Melide é utilizada por numerosos veciños non só da vila senón doutros concellos limítrofes para a venda de gando equino, caprino e bovino.

Rematan as obras na segunda planta da Casa da Cultura que permitirán aumentar o aforo en 150 persoas

Remataron as obras na segunda planta da Casa da Cultura de Melide que permitirán o incremento do seu aforo en 150 butacas. A obra realizada consistiu na adecuación da segunda planta, que estará operativa para aqueles eventos nos que se necesite un gran aforo, así como tamén na colocación de infraestrutura necesaria para luces.

Máis de 500 butacas

A planta baixa da Casa da Cultura conta na actualidade con 360 butacas, que en moitas ocasións quedan escasas para acoller ao público que participa nas diferentes actividades, proxeccións, pasarelas e demais eventos que se organizan durante todo o ano.

Agora, coa segunda planta súmanse un total de 150 butacas, o que dará cabida para máis de medio milleiro de persoas.

Entre as primeiras actividades que xa puideron estrear as instalacións renovadas figuran os rapaces do IES de Melide, que se achegaron á Casa da Cultura para asistir á charla-proxección do filme "El final del Camino"; e tamén o director e actor galego Rubén Riós e o seu equipo coa presentación do proxecto audiovisual "Vida" e "Máis ca vida". Tamén está en marcha a VI edición do Ciclo de Teatro Afeccionado "Teatro no Camiño".

Sala de exposicións

Aínda que o máis utilizado da Casa da Cultura é o auditorio, a instalación tamén conta cunha ampla sala de exposicións que periodicamente se abrirá ao público para expoñer diferentes mostras pictóricas, fotográficas, escultóricas, etc.

As obras desta última fase da Casa da Cultura de Melide tiveron un orzamento de 151.684,35 euros.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

As clases no conservatorio de Melide comezarán ao longo destes días

O Concello acata a sentenza e procede á readmisión do profesorado, convocando só as prazas de guitarra e clarinete

Ía camiño de retrasarse igual ou máis que o ano pasado, pero finalmente o curso no conservatorio de música de Melide dará comezo previsiblemente ao longo destes días, despois de que o Concello decidise acatar a sentenza xudicial que o obriga á readmisión de varios profesores que denunciaron a súa situación.

Deste xeito, Dalia García, alcaldesa de Melide, explicou que "logo de analizar toda a información xurídica por parte dos departamentos técnicos do Concello de Melide, vimos de concluír a necesidade imperante de darlle prioridade á utilidade pública dun ben cultural do municipio, como é o conservatorio, e polo tanto iniciar o expediente de readmisión do persoal para non crear prexuízos ao alumnado".

A rexedora municipal fixo especial fincapé en que "este Concello nunca escatimou en esforzos para levar adiante unha institución que se encontra regulamentada no nivel educativo pola Xunta de Galicia, e no eido dos recursos tanto materiais como humanos polo Concello de Melide. Por esta razón, unha vez analizadas as necesidades así como a lexislación vixente en materia de contratación, o goberno local contará cos traballadores; se ben é certo que sempre dentro dos preceptos legais que neste caso ditan as leis laborais e, como consecuencia, tendo a menor repercusión para o alumnado".

Segundo comunicaron dende o propio consistorio "as clases comezarán previsiblemente o luns 16 de outubro, unha vez que se teñan rematado os trámites administrativos necesarios". Mentres, dende o goberno local "trabállase para solucionar todo o expediente ao tempo que se mantén informada á comunidade educativa co fin de manter unha relación fluída ao respecto dun tema que involucra a administración e familias", aseguraron.

O conservatorio de música de Melide acolle a preto de 100 alumnos

Con esta resolución, este ano non se procederá a unha convocatoria xeral para os profesores, debido á súa readmisión, senón só á das dúas únicas prazas que faltan por cubrir: as especialidades de guitarra e de clarinete. Ademais, ao acatar esta sentenza asegúrase que o vindeiro ano non se repita esta situación.

Un problema que vén de atrás

O comezo do curso escolar no conservatorio de Melide case sempre se fixo con certo retraso, pero nunca tan acentuado como o ano pasado cando os alumnos se incorporaron ás aulas a finais do mes de novembro. Xa entón a Asociación de Nais e Pais de Alumnos do centro comezara con movilizacións e este ano, en previsión de que ocorrese o mesmo, solicitaron varias reunións co goberno municipal. "Ante a inquedanza de que o inicio deste curso tamén se retrasase, tal e como finalmente aconteceu, dende a Anpa xa solicitamos unha reunión coa alcaldesa de Melide a comezos do mes de xullo, que tivo lugar a primeira semana do mes de agosto, e na que se nos asegurou aos pais dos alumnos que estaban traballando no tema e que o curso comezaría en prazo".

Mais a comezos de outubro, vendo que non había movementos, dende a Anpa tamén se presentou un escrito no Concello para solicitar unha reunión da rexedora municipal cos pais do alumnado do conservatorio, ademais de acordar solicitar á Consellería de Educación a información pertinente en relación ás datas de inicio e final de curso en conservatorios como o de Melide. Agora, tras este anuncio agardan o comezo do curso na maior brevidade posible.

Pola súa parte, dende a oposición, o grupo municipal socialista tamén tiña solicitada formalmente a convocatoria urxente dunha xunta de voceiros para tratar o retraso nas clases do conservatorio municipal.

O conservatorio de música de Melide presta servizo a preto de cen alumnos nun total de 15 modalidades: guitarra, piano, violonchelo, frauta, violín, percusión, trombón, trompa, canto, contrabaixo, clarinete, saxofón, trompeta, guitarra eléctrica e acordeón. A maiores tamén acolle iniciación á música para os máis cativos con idades comprendidas entre os 4 e 8 anos.

Unha veciña de Melide espera dende hai cinco anos por unha praza de aparcamento para discapacitados

O Concello de Melide quixo deixar claro que nunca se lle denegou a solicitude dunha praza de aparcamento para persoas con discapacidade a Sonia Edreira, veciña de Melide e nai dunha nena con discapacidade recoñecida, que solicitou por primeira vez hai cinco anos unha praza reservada para o estacionamento de persoas con mobilidade reducida na Avenida de Lalín.

Dende o Concello aseguraron que "cando o grupo socialista expresou por primeira vez a petición en pleno no apartado de Rogos e Preguntas, a Alcaldía respondeu de viva voz ante a corporación a súa predisposición a atender todas e cada unha das necesidades dos veciños e veciñas de Melide".

Unha nova solicitude

No pleno ordinario celebrado o pasado mes de setembro o grupo municipal do PSOE preguntou de novo por este tema, ao que de novo a Alcaldía respondeu asegurando que "xa tiñan no seu poder a solicitude inicial que se fixera nun primeiro momento, así como o trámite coa administración competente, e que polo tanto, o trámite estaba feito". Non obstante, dende o Concello tamén aseguraron que "a peticionaria fixo o día 11 de outubro de 2017 unha solicitude no Concello de Melide, solicitude que xa fora xestionada con anterioridade", explicaron.

Deste xeito, explicáronlle á oposición que "o goberno local atendería ás indicacións do técnico competente da estrada e que unha praza de discapacidade para esta veicña sería unha praza pública e, polo tanto, utilizada por todo aquel que cumprise coas características e por quen posuíse a tarxeta de mobilidade reducida".

Pola súa parte, Sonia Edreira aclarou que a ela non se lle comunicou nada oficialmente e engadiu: "eu desprázome a Santiso por cuestións laborais, pero vivo en Melide dende hai sete anos. E por suposto, eu nunca pedín unha praza privada para min, non se me ocorrería facer iso porque todos entendemos que as prazas de aparcamento para discapacitados son públicas e para quen as necesite", afirma esta nai, quen tamén asegurou que "a primeira vez que solicitei a praza foi hai cinco anos, pero non me quedei con copia; aínda así, hai aproximadamente dous anos asegúraronme de palabra que a praza xa estaba concedida pola Xunta de Galicia e que só faltaba saber quen tiña que vir a pintala, se a Xunta ou o Concello. Por iso non entendo que pasa, e porque non me dan unha explicación ou contestación. Só pido que me digan se se pode facer ou non e onde, e eu acatarei a resposta. Non pido máis".

Edreira tamén asegurou que trala presentación dun novo escrito no mes de outubro, esta vez ante a administración local e ante a Xunta de Galicia, agora esperará un tempo prudencial a recibir resposta algunha.

REFORMAS NOS CENTROS EDUCATIVOS

Un investimento de 101.695 euros previsto por parte da Xunta pemitirá a mellora das instalacións en varios centros educativos de Melide. En concreto, realizaranse melloras no IES de Melide por un importe de algo máis de 46.000 euros, para reformar e ampliar o espazo que este centro dedica ao Ciclo de Madeira. No CEIP Nº1 levarase a cabo unha reforma da cuberta así como outras reparacións por un importe de preto de 45.700 euros. E o CEIP Martagona mudará a súa cuberta e renovará o caleiro do ximnasio por un importe de 9.945,35 euros.

Crean a Asociación Veciñal Melidá

Cunha cota de 10 euros anuais, xorden co obxectivo de dinamizar e mover a vila

Defínense como "un grupo de veciños e veciñas con ganas de facer cousas en común, xente activa que quere mover Melide, implicarse na vida da vila e dinamizar o seu potencial humano, artístico, cultural, medioambiental e deportivo".

Pero se algo os abandeira é a ilusión e as ganas coas que crean a Asociación Veciñal Melidá, unha institución xurdida do movemento que denunciou as irregularidades no proxecto da biomasa en Melide, pero que agora aspira a "ser escoitada e tida en conta polos representantes políticos na toma de decisións que afectan a toda a veciñanza". "Non creamos a asociación só para denunciar, senón tamén para organizar cousas e dinamizar a vila", aclaran.

De momento a resposta dos veciños está a ser positiva, e é que a cota de socios para pertencer á agrupación é de tan só 10 euros ao ano. "Temos que explicar que os 10 euros que se paguen agora serán tamén a cota de todo o ano 2018, porque como quen di, estámonos constituíndo xa a finais de ano".

De momento non contan cun número de teléfono propio, pero si cunha dirección de correo electrónico para as persoas interesadas en poñerse en contacto coa asociación: asociacionmelida@gmail.com.

Directiva provisional

Do mesmo xeito recalcan que se formou unha directiva provisional, porque así o esixían os trámites burocráticos, pero que será en xaneiro de 2018 cando en asemblea aberta os socios elixan a directiva final e modifiquen todo aquilo que consideren oportuno. Polo de agora, Diego Rodríguez Otero ocupará o cargo de presidente, María José Salgado Vázquez será a secretaria, e María Cristina Sánchez González a vicesecretaria.

Logotipo da asociación que, no mes de novembro, ten previsto organizar un acto de presentación

"Máis adiante tamén teremos un acto de presentación que queremos que sexa de carácter totalmente festivo e lúdico, tanto para nenos como para adultos e, sobre todo que sexa aberto e inclusivo onde poida participar a xente, que esa é a finalidade da asociación", engaden.

Obxectivos e actividades

En canto ao seu programa, perseguen como fins os de propiciar a comunicación entre a veciñanza e os distintos movementos sociais coas institucións públicas, fomentar o asociacionismo, velar polo interese xeral e os dereitos dos veciños e incentivar o seu espírito crítico, entre outros.

Ao mesmo tempo, propoñen como actividades canalizar aquelas suxestións, solicitudes de información e demandas veciñais ás administracións públicas, interesarse por calquera actividade desenvolvida polas mesmas administracións, informar e dar publicidade a estas actividades, organizar charlas e obradoiros e distintos eventos deportivos, culturais e medioambientais.

REBAIXA DO IBI GANDEIRO

Dende o pasado mércores 27 de setembro está aberto o prazo para que aqueles interesados en situación de posuír actividades exclusivamente agrarias poidan solicitar a rebaixa do IBI gandeiro para o 2018, con bonificacións de ata o 95% sempre que cumpran os requisitos establecidos. Poderán ser beneficiarios desta bonificación do 95% do IBI os inmobles destinados a actividades agrarias, gandeiras ou forestais co fin de apoiar ao sector primario do termo municipal. Dentro desta medida hai que salientar que cando a actividade sexa compartida con outros usos, non agrarios, nin gandeiros, nin forestais, a bonificación tan só será do 50%.

INICIADA A CAMPAÑA DE PODA

A Concellería de Obras e Servizos do Concello de Melide vén de poñer en marcha a campaña de poda na área recreativa do río Furelos, unha acción que se ampliou a outros parques da vila, urbanizacións, colexios ou á residencia da terceira idade, entre outros. Os traballos están sendo realizados pola brigada medioambiental e de obras do Concello de Melide. A campaña de poda non ten outro obxectivo que o de recoller as follas daquelas árbores de folla caduca e sanear outras especies para adecuar os diferentes espazos verdes do municipio. Os traballos terán unha duración aproximada de dous meses.

MELLORAS NOS ESPAZOS DE MELIDE

Nos últimos días foron variados e múltiples os traballos de acondicionamento que se realizaron ou se están levando a cabo no concello de Melide. Así por exemplo, procedeuse ao arranxo das beirarrúas no núcleo urbano da vila, reparando baldosas rotas ou soltas deterioradas polo paso do tempo; limpáronse marquesiñas en moitas zonas do rural onde os cristais estaban deteriorados pola sucidade producida pola pegada de carteis; puxéronse en marcha diferentes accións de cara a mellorar a adecuación dos contedores nas parroquias do concello; realizáronse traballos de mellora na sinalización horizontal e nas bandas amarelas do municipio e, o tramo que une a parroquia de Furelos co polígono industrial de Melide ao seu paso pola N-547 foi obxecto de traballos de desbroce e limpeza de cunetas. Este último é un treito polo que discorre diariamente un alto volume de vehículos, polo que se facían moi necesarios os traballos que mellorasen a súa visibilidade e seguridade.

O secretario xeral do PPdeG destaca en Melide o labor da muller rural

O secretario xeral do PPdeG, Miguel Tellado, visitou Melide xunto coas coordinadoras de Medio Rural e Igualdade, Raquel Arias e Susana López Abella; e coa conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, con motivo da celebración do Día Internacional da Muller Rural o pasado 15 de outubro. Previamente á reunión das dúas comisións do partido, visitaron tamén unha explotación gandeira rexentada por unha muller, onde reivindicou ás mulleres como "a pedra angular sobre a que se construíu a sociedade galega tal e como a coñecemos", ademais de destacar a aprobación por parte da Xunta dun Plan de Emprego Feminino dotado con 100 millóns de euros co que se pretende chegar a 46.000 galegas.

O servizo de transporte escolar compartido conta con oito liñas en Melide

Dende o Concello de Santiso acordaron solicitar á Xunta máis información sobre as liñas e os horarios deste servizo

O servizo de transporte escolar compartido comezou a funcionar na comarca o pasado mes de setembro coincidindo co inicio do curso. Segundo o Concello de Melide, nos primeiros días "foron numerosos os veciños de varias parroquias por onde pasan as diferentes liñas de autobús escolar, os que fixeron uso deste servizo compartido". E é que no caso de Melide, este curso o CEIP Nº1, o CEIP Martagona, o CEIP Mestre Pastor Barral e o IES de Melide compartirán o seu servizo de transporte escolar co rural melidense.

Nesta nova modalidade implantada atenderase en primeiro lugar aos escolares, posto que os contratos establecen o carácter absolutamente prioritario da atención ás necesidades dos alumnos. Así, os horarios, as paradas e os itinerarios manteranse intactos, polo que o uso compartido do autobús non suporá en teoría alteración algunha no servizo ao alumnado. Ademais, os acompañantes e os condutores teñen instrucións precisas sobre como proceder en cada situación, con capacidade para impedir o acceso ao autobús de persoas que poidan representar un perigo para os menores; medida esta que non estivo exenta de polémica.

Non obstante, non todas as rutas que realiza o transporte escolar en Melide incorporan o servizo compartido, polo que os usuarios deben fixarse nas diferente liñas, xa que, o propio autobús está identificado como transporte compartido ou non.

Tendo en conta que a posta en funcionamento deste servizo puidera causar certa confusión, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, trasladouse a Melide para explicarlle en primeira persoa aos veciños as características do transporte escolar compartido.

O Concello de Santiso demanda máis información

Non ocorreu o mesmo noutros concellos da comarca como por exemplo o de Santiso, onde o Pleno acordou pedir explicacións á Xunta sobre o funcionamento deste servizo e, en función da información recibida, presentar unha serie de alegacións. E é que dende o Concello de Santiso consideraron que o problema deste servizo son os horarios que non rematan por comunicar ben o núcleo do municipio coa contorna.

Mentres tanto, en Melide a conselleira explicoulle aos veciños que asistiron a unha reunión, que dispoñen de oito liñas de transporte escolar compartido, "sendo este o 3º concello da provincia da Coruña con máis rutas compartidas".

A responsable de Infraestruturas puxo como exemplo que hai unha liña compartida que vén dende a zona noroeste do concello, de Golán, ata o IES e continúa logo ata o centro de Melide, posibilitando que a xente das parroquias polas que pasa esta ruta escolar teñan un autobús que os leva ata Melide a primeira hora da mañá e de volta as súas casas arredor das dúas e cuarto da tarde. Un horario semellante a este é o que denunciou a corporación de Santiso no pleno, ao non considerar moi oportuno que unha persoa maior que viva nunha parroquia teña que desprazarse da súa casa a primeira hora da mañá e non poida volver ata as dúas da tarde, cando ao mellor só busca achegarse ata o centro de saúde ou ao banco nun momento puntual.

Ethel Vázquez tamén sinalou que hai un servizo de tarde os luns e os mércores, con ida cara Melide sobre as 15:30 horas e volta a partir das 18:00 horas.

Recoñecemento aos deportistas da Escola Ayude de Santiso

O concello de Santiso recoñeceu os éxitos deportivos a nivel autonómico, nacional e internacional nas diferentes disciplinas aos irmáns Nahum, Aron e Cora Ayude, nun acto oficial no que o alcalde Manuel Adán, agradeceu e animou a seguir traballando en prol do deporte. Dende o Concello quixeron agradecer así que o equipo Ayude expanda e difunda o nome de Santiso por todo o territorio español, sendo exemplo para os mais pequenos en cada competición á que acoden. No mesmo acto Jose Ayude, en representación da Escola Ayude, fixo entrega dunha placa ao alcalde, en agradecemento ao apoio prestado á escola, para seguir traballando e conseguir así que o concello de Santiso siga sendo un referente nacional a nivel deportivo. Esforzo e traballo que permitirán aos mais pequenos de Santiso a posibilidade de chegar ao mais alto no mundo do deporte.

Piden a colaboración dos veciños na retirada de niños de avespas asiáticas

Dende o Concello de Santiso piden a colaboración dos veciños na retirada de niños primarios de avespas asiáticas. Para axudar na súa retirada informan dos lugares máis habituais onde esta clase de avespas fan os seus niños e que, comunmente, son os pendellos, soportais, garaxes e marxes dos tellados. Así mesmo, as características dos niños normalmente responden ás seguintes medidas: uns 6 centímetros de alto por uns 4 de ancho e son de cor marrón parda. O Concello de Santiso tamén salienta o feito de que por cada niño de avespa asiática que se retire, evítanse 50 niños novos para o ano seguinte. Con isto, a maneira de proceder, indican, é chamar aos especialistas da Xunta de Galicia no teléfono 012, aos servizos de emerxencia no 112 ou directamente ao Concello de Santiso no 981 818 501, e dende estas institucións procederase á retirada dos niños da forma máis axeitada e segura posible.

13 de xuño e 14 de setembro, fetivos locais en Santiso

No último pleno ordinario celebrado no Concello de Santiso acordáronse por unanimidade os festivos locais para o ano 2018. Neste senso, serán o mércores 13 de xuño, coincidindo co San Antonio; e o venres 14 de setembro.

Outros aspectos

No mesmo pleno tamén se aprobou a conta xeral do exercicio 2016 e acordouse adiantar o horario das sesións plenarias. Ata o de agora os plenos odinarios víñanse celebrando o segundo martes de cada mes impar á unha do mediodía. Agora continuarán sendo o mesmo martes, pero pasarán a celebrarse ás 12.30 do mediodía.

Cambios na corporación municipal de Toques trala renuncia dunha concelleira

O Concello de Toques verá modificada a súa corporación no seguinte pleno trala renuncia da concelleira do PSdeG PSOE Vanesa Peteiro. A concelleira socialista presentou o pasado día 10 de agosto un escrito de renuncia por motivos laborais que implicarían un cambio de domicilio. Do mesmo xeito, tamén presentou a súa renuncia a ocupar o posto a seguinte candidata na lista, María del Carmen Rey, número catro do PSOE nas eleccións municipais do 24 de maio de 2015.

Ante isto, será o candidato socialista número cinco, José Luis Abad, o que pase a formar parte da corporación de Toques, ocupando o posto que deixa a concelleira Vanesa Peteiro. No último pleno celebrado tomouse coñecemento dos cambios que agora serán comunicados á Xunta Electoral Central e, cando a credencial chegue ao Concello, comuniqueráselle a José Luis Abad para que tome posesión do seu cargo na seguinte sesión plenaria.

Corporación de Toques tralas eleccións municipais en maio de 2015

Festivos 2018

No último pleno ordinario celebrado tamén se acordaron os festivos locais para o vindeiro ano 2018. Neste caso, no concello de Toques serán o **martes 15 de maio e o luns 3 de setembro**.

A corporación municipal así o acordou ao ver que se trataba das datas máis axeitadas por coincidir coa celebración do San Cidre (15 de maio), e do San Antolín (3 de setembro).

Novo parque infantil para os alumnos do colexio de Toques

Os alumnos do colexio de Toques comezaron este curso académico inaugurando un novo parque infantil dentro do propio recinto escolar. O parque aséntase sobre céspede para amortecer os golpes en caso de caída e está composto por dous xogos de randeeiras, un balancín individual e outro para parellas. Xa no primeiro día de colexio foi todo un éxito para os máis cativos, que puideron gozar del.

Por outra banda, o Concello de Toques ten en marcha tamén as actividades deportivas e culturais para este ano, que inclúen numerosas disciplinas como patinaxe, fútbol sala, tenis, karate, pilates, informática ou manualidades. Unha ampla variedade de actividades dirixidas a persoas de todas as idades.

Medio Rural mantén a prohibición de realizar queimas agrícolas e forestais

As queimas de restos agrícolas e forestais amoreados seguen prohibidas en Galicia ata novo aviso, tendo en conta as condicións meteorolóxicas actuais e as previsións para os vindeiros días. A decisión tomouse tras avaliar a evolución da situación do tempo e unha vez analizados polo miúdo os diferentes indicadores técnicos que inciden no risco de lume, e tamén tendo en conta que a normativa prohibe as queimas cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Así mesmo, a Consellería do Medio Rural pide a colaboración da cidadanía para que extreme as precaucións e denuncie calquera actividade delituosa incendiaria da que teña coñecemento. Deste xeito, ata novo aviso, non está permitido o uso do lume para ningunha actividade agrícola e forestal.

Dous lumes na comarca, un en Melide e outro en Santiso, causan o pánico entre os veciños

Os lumes que asolaron Galicia tamén chegaron á comarca da Terra de Melide. A do domingo 15 de outubro foi unha xornada negra para os montes da comunidade, e é que xa entrada a madrugada do luns diferentes efectivos de Protección Civil, bombeiros do parque de Arzúa e veciños e veciñas voluntarios de Melide aínda traballaban sen descanso para sufocar os lumes activos en Melide. O primeiro deles comezou a poucos quilómetros do polígono industrial da Madanela en dirección a Palas de Rei arredor das dez da noite e mantívose activo ata ben entrada a madrugada. O segundo lume, este con máis virulencia e perigo pola súa proximidade ás vivendas e a unha explotación gandeira, iniciouse no lugar de Vimianzo, no concello de Santiso preto do límite con Melide. Foi neste caso máis complicada a súa extinción posto que o luns á mañá permanecía activo, aínda que xa controlado. Agora quedan por avaliar os danos e cuantificar a superficie e os terreos danados. Pola súa parte, representantes do Concello de Melide e tamén veciños gardaron un minuto de silencio en solidariedade coas vítimas falecidas nos incendios acontecidos en Galicia.

O pleno de Melide pide á Deputación o arranxo da estrada que vai a Toques

O Partido Popular do Concello de Melide presentou no pleno ordinario celebrado no mes de setembro unha moción na que se instaba ao goberno da Deputación da Coruña á mellora dos accesos e da sinalización horizontal da estrada que vai de Melide a Toques, a DP-4604.

Tanto o BNG como o PSOE votaron a favor de achegar ao organismo provincial a petición de arranxo urxente desta vía que une a Avenida de Toques ata o Ribeiro onde se atopan os maiores problemas.

Por consenso dos tres grupos políticos con representación no Concello de Melide, o pleno aprobou así unha moción para instar ao departamento de Obras da Deputación a que realizase as melloras pertinentes na estrada DP-4604, para eliminar os problemas de acumulación de auga que se producen nos pasos de peóns cando chove, descubrindo os condutos dos sumidoiros para

Os maiores problemas nesta vía prodúcense cando chove

que as augas pluviais discorran por eles.

A alcaldesa de Melide, Dalia García, apuntou a este feito como "insólito" xa que "o habitual é que cando se realizan as obras de aglomerado nunha estrada, se respecten os sumidoiros e non se deixen ao cuberto evitando así que a auga da choiva non teña por onde desaugar". É un problema derivado, di a alcaldesa, dunhas obras que la Deputación iniciou no 2015 e que está causando numerosas queixas veciñais.

Xunto á petición de arranxo desta vía tamén se instou á Deputación a mellorar o pintado da estrada, especialmente nos pasos de peóns.

Axudas máis xustas e en menos tempo para os danos ocasionados polo lobo

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio vén de avaliar cos sindicatos agrarios a revisión dos baremos por danos e a adaptación do Plan de xestión do lobo á realidade actual da especie. Así, a directora xeral de Patrimonio Natural, Ana María Díaz, mantivo no mes de outubro unha reunión de traballo cos representantes sindicais co fin de coñecer as súas propostas de cara á planificación do 2018, en canto ás medidas que permiten combinar a conservación dos animais coa viabilidade das explotacións gandeiras.

Axilidade na concesión das axudas

Neste senso, Ana María Díaz trasladou que son conscientes da importancia que teñen para o sector as axudas para a reparación dos danos causados polo lobo, polo que asegurou que se continuará coa axilidade nas súas concesións e revisaranse, se procede, os baremos actuais, co fin de establecer axudas para os gandeiros máis xustas e no menor tempo posible.

A previsión é, tamén, actualizar o Plan, e é que a información recompilada pon de manifesto que as circunstancias variaron nos últimos 9 anos.

Fronte a queixas comúns de agricultores e gandeiros no retraso destas axudas, a directora xeral reiterou a intención da Xunta de Galicia de seguir traballando na senda da prevención dos danos, pois a longo prazo resulta máis rendible que investir só en danos, e recordou a liña de axudas destinadas especificamente á prevención de ataques, dotada con 400.000 euros para a adquisición de cans mastíns, pastores eléctricos e mallas electrificadas. Tamén se mantiveron as axudas para paliar os ataques á gandería e que este ano está dotada con 380.000 euros.

Melloras no campo de fútbol municipal de Sobrado

Co obxectivo de que os equipos federados que compiten no campo de fútbol municipal poidan adestrar e xogar nunhas instalacións ben acondicionadas, o Concello de Sobrado realizou diferentes tarefas de reparación e limpeza. Os técnicos do Concello limparon e preparon a zona das bancadas e tamén repararon e melloraron os bancos a pé de campo para que os xogadores estean máis cómodos ao longo da tempada.

Leve descenso do paro

A comarca da Terra de Melide rexistrou un novo e leve descenso do paro no mes de setembro, cun total de catro persoas desempregadas menos. Así, no concello de Melide a cifra de parados descendeu de 420 a 413 (sete persoas menos desempregadas), ao igual que no concello de Santiso, onde a cifra de parados pasou de 86 a 81. A tendencia non foi a mesma nos municipios de Sobrado e Toques, onde o número de persoas desempregadas ascendeu. No caso de Sobrado a cifra pasou de 69 a 76 parados, mentres que en Toques o paro subiu nunha persoa, pasando de 53 a 54 desempregados. No cómputo total son catro persoas desempregadas menos, o que se traduce en 624 parados na comarca a finais do mes de setembro.

Novas axudas do GDR

O Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo, que xestiona o Programa Leader nos concellos da comarca Terra de Melide, entre outros, aprobou as dúas últimas axudas deste ano. Unha delas foi para un proxecto destinado a mellorar a eficiencia enerxética dunha queixería en Melide mediante a instalación, no tellado, de placas solares fotovoltaicas, co que conseguirá un aforro do 56%. Cun investimento de 38.000 euros máis IVE, correspóndelle unha axuda de algo máis de 10.000 euros. Con estes dous proxectos o GDR rematou de asignar o total dos fondos dos que dispoñía para a actual convocatoria, un total de 1.235.000 euros. O prazo de solicitude de axudas está agora aberto para a convocatoria 2018-2019 do Programa Leader.

Floristería MARU

1 y 2 de noviembre
DÍA DE DIFUNTOS
Un recuerdo, una flor...

Floristería Maru
María Cabado

- Amplia variedad en flores y plantas
- Eventos nupciales, comuniones, etc.
- Coronas y centros florales

Rúa do Convento, nº 9 Melide *Tlf: 981 507 580 / 607 507 579* *www.floristeriamaru.es / floristeria.maru@gmail.com*

Teleflora

Flor 10

- *Produtor de toda clase de flores*
- *Preparamos:*
  Ramos de noiva, coroas, ramos, palmas, centros, etc..
- *Estamos ao seu servizo en:*
  R/ Amador Rodríguez, 7
  Tfnos: 981 50 61 64 / 981 50 59 86
  666 49 38 49 / 666 49 38 50

Floristería Tarrío
MELIDE

Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón *Legumbres*

Bacalao *Vinos* *Licores*

Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con
productos conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03 / casajuanito1910@gmail.com

“Na caza, sempre con cabeza”

Peña Arcea, de Melide, inaugura a tempada de caza, que este ano comezou o 15 de outubro e rematará o 6 de xaneiro

Adestrar e coidar os cans durante todo o ano é un dos requisitos imprescindibles para unha boa caza

Antonio González Mejuto é o presidente de Peña Arcea

O domingo 15 de outubro comezou a tempada de caza para perdiz, coello e lebre, algo que na Peña Arcea de Melide celebraron cunha xornada de caza e o tradicional xantar de arranque de tempada.

Esta agrupación melidense debe o seu nome á arcea, unha ave de peteiro longo e recto, pescozo e patas curtas, ollos grandes e plumaxe de tons pardos, negros e amarelos no seu dorso, e que tende a habitar en lugares onde hai lama. “Gústanos moito esa ave e de aí xurdiu o nome da peña”, comenta Antonio González Mejuto, presidente do colectivo.

“Fundámola xa debe de haber entre quince e vinte anos e, a día de hoxe, continuamos os mesmos membros. Case poderíamos dicir que somos unha peña con certa tradición”, engade, e é que segundo explica Antonio, na comarca e en Melide sempre houbo afección pola caza.

Pola súa parte, as expectativas para este ano son bastante boas posto que “hai perdiz e coello, e ademais incrementouse bastante a lebre”. Mais non todos os anos son semellantes en canto a especies.

Preparación e precaución

Pero antes de comezar a tempada, este grupo de cazadores prepárase ben ao longo de todo o ano e, en especial, meses antes. “O fundamental por suposto é ter uns bos cans, que tamén se adestran todo o ano e se coidan con esmero vacinando e desparasitando. Hai que ter a licenza ao día, permiso de armas en regra e tamén un seguro para os animais e para nós. E só podes asegurar catro cans por cazador, que son os mesmos que está permitido levar de caza por persoa”.

Con todo preparado, é fundamental lembrar tamén unha serie de medidas a ter en conta para que unha xornada de caza se desenvolva sen incidentes. “Na caza hai que ter máis cabeza que arma, sempre hai que andar con moito coidado, por iso a regra principal é non adiantarse aos compañeiros nunca e controlarse uns aos outros”, apunta Antonio.

Coas recomendacións presentes e xa preparados, a xornada en Peña Arcea comeza cedo, “arredor das oito da mañá, cando nos xuntamos todos no Muíño para saír unha media hora máis tarde”, afirma Antonio. Desprázanse ata os distintos cotos de Melide e unha vez no lugar “vestímonos axeitadamente e armamos a arma, porque no coche sempre debe ir desarmada e, a ser posible, metida na funda. Logo repartímonos e sobre as doce xuntámonos para o bocadillo. Despois volvemos a repartirnos para ir de caza e arredor das dúas do mediodía imos a xantar”.

Dende Peña Arcea tamén apuntan a que esta actividade está moi ben controlada, especialmente dende que dá comezo a tempada. Así, o período hábil para exercer a caza en Galicia abriu o 15 de outubro e pechará o vindeiro 6 de xaneiro do ano que vén, coas excepcións que para cada especie marca o regulamento.

Curiosidades

Ao contrario do que moita xente poida pensar, ir de caza implica algo máis que saír a disparar. Así o explica Antonio González, quen relata que por exemplo “non se pode fumar porque os animais perciben os olores de xeito extraordinario e calquera cheiro estraño fai que dean a volta e fuxan”. E o mesmo ocorre coa seca, “non chegamos á zona de caza e saen os animais xa listos para disparar, é moito máis difícil que iso, sobre todo con esta seca porque ao non haber humidade, os cans non perciben o rastro dos animais”.

Deixando a un lado anécdotas e curiosidades, en Peña Arcea realizan máis actividades que a caza. Así por exemplo, organizan a Festa da Arcea ao final de cada tempada. “Fóra do período de caza tamén nos xuntamos moitas veces ao longo de todo o ano e organizamos a Festa da Arcea, que sirve para xuntarnos e pasar un moi bo día”, explica Antonio, quen tamén asegura que o mellor que ten a caza é “ver traballar aos cans e, sobre todo, divertirse cos compañeiros e facer amizades”.

Melide Fútbol Sala Feminino

O equipo, formado por 16 mozas, aspira aos primeiros postos na categoría senior da liga provincial e a consolidarse en cadetes

Que o Melide Fútbol Sala Feminino é unha familia queda reflectido no bo ambiente do vestiario

Falar do Melide Fútbol Sala Feminino é falar dun equipo cada vez máis consolidado. Por segundo ano consecutivo este grupo de rapazas, que se formaron nas escolas deportivas do Concello de Melide, participan nunha competición oficial con dous equipos; as máis pequenas na Liga Galega Cadete Feminina de fútbol sala, e as maiores na Liga Senior Provincial Feminina.

Agora, veñen de debutar o pasado 30 de setembro con dous pequenos partidos (un en cada categoría), nun amigable ante o Cidade das Burgas Fútbol Sala de Ourense cun resultado máis que satisfactorio. Pero iso non é todo porque o equipo senior tamén se proclamou campión dun torneo triangular disputado en Vedra antes de comezar a liga. E por se iso fose pouco, o arranque da competición oficial foi tamén do mellor, se ben é certo que as cadetes se estrearon cunha vitoria e unha derrota, o equipo senior gañou o primeiro partido disputado cun abultado resultado de 0 - 13.

E é que o duro traballo realizado nos adestramentos, que no mes de setembro foron incluso de tres días á semana, está a dar moi bos froitos. "A constancia e os adestramentos nótanse despois no terreo de xogo", comenta José María Valcárcel, pai dunha das xogadoras do equipo.

Na actualidade son dezaseis mozas as que conforman os dous equipos, a maior parte delas de Melide, pero tamén doutros concellos da contorna. "Das dezaseis, dez son cadete e seis senior, o que nos permite contar con xogadoras suplentes para o equipo das maiores", explica José María. Pola súa parte, Fran Monterroso e Pablo Gómez continúan como adestradores.

Dolores, Xanaia, María, Anabel, Alexandra, Elisa, Inés, Andrea, Elvi, Aroa, Patri, Sandra, Betty, Carla, Carmen e Sara afrontan a tempada "con moitas ganas, involucradas ao máximo e coa maior das ilusións". Con isto non é de estrañar que o obxectivo principal sexa o de competir o mellor posible en ambas categorías, "aínda que non imos negar que nos gustaría mellorar incluso a posición do ano pasado en cadetes, para pechar o ano como o da consolidación nesta categoría, e xa en senior pelexar por rematar na parte alta da táboa, porque realmente cremos que hai posibilidades", engade Valcárcel.

Cun balance máis que positivo dende o seu nacemento, a día de hoxe non hai barreiras que freen as ganas e a ilusión do Melide Fútbol Sala Feminino; un proxecto que xurdiu no verán de 2015 tras unha conversa nun grupo de WhatsApp. Na actualidade o club conta con máis de 400 socios, a colaboración de 14 empresas da vila e o patrocinio do grupo Jim Sports.

"Temos que dar as grazas sobre todo aos socios, á xente que por colaborar nos axuda, e moi especialmente aos patrocinadores e ao Concello de Melide, que nos axudou dende os comezos e continúa colaborando na actualidade coa recente firma dun convenio polo que recibiremos unha axuda como entidade deportiva", apunta José María. Xunta e Deputación tamén aportarán sendas axudas que lles permitirán ao club seguir traballando como ata o de agora, aínda que máis reforzados. "O ano pasado fomos autosuficientes toda a tempada en canto a xestión se refire, e pensamos seguir traballando do mesmo xeito. Iso non quita que as achegas por parte de institucións sexan benvidas sempre", especifica Valcárcel, quen tamén apunta ao ambiente familiar como o mellor do equipo. "Somos unha familia, as nenas, os pais e nais, os adestradores, todos, e iso é o mellor que ten o Melide Fútbol Sala Feminino". Un proxecto que ten máis mérito se cabe ao xurdir nun pobo pequeno, pero con moita tradición no fútbol sala, como é Melide.

Bodegas Meiuto
CLM Construcciones Leonardo Miguélez sl
Méndez y Penas aislamientos, s.l.
Roval JOYERÍA JR
40 cafeteria - cerveceria
Garnacha Pulpería
GARCEIRAS JAMONERÍA & CAFETERÍA
SIC CLICKFER
JIM SPORTS GRUPO
YETHI CARBURANTES
CAFETERIA SOLAINA
CERVECERÍA Pinocho
agra AUTOESCOLA
GALEÓN CAFETERÍA DX3 CERVECERÍA
PUB ANUBIS MELIDE

Que servizos ofrece Asetem?

- **Asesoría xurídica, fiscal e laboral**

  Resolve gratuitamente todas as túas dúbidas de man dos profesionais cualificados da Confederación de Empresarios da Coruña, da Federación Galega de Comercio e da Federación de Autónomos de Galicia, organismos nos que estamos integrados.

- **Información e tramitación de axudas**

  Achegamos de forma puntual información sobre todas as subvencións e liñas de axuda ofertadas dende os diferentes organismos. Se o precisas, tramitámosche as solicitudes de xeito gratuíto. Tamén informamos sobre os cambios lexislativos de relevancia.

- **Organismo acreditado**

  Asetem é un organismo acreditado para a realización de cursos oficiais de manipulador de alimentos, benestar animal e transporte de animais vivos. Estamos habilitados para intervir como árbitros ante calquera conflito que se dirima no Instituto Galego de Consumo.

- **Un espazo de comunicación**

  A asociación de empresarios é a responsable do Xornal Cerne, publicado mensualmente dende 2004 como unha ferramenta de difusión da actividade comercial e de información plural para a veciñanza. Na nosa páxina web tes outra canle de comunicación e tamén un espazo para o teu negocio.

- **Convenios con garantías**

  Accede a vantaxes na contratación de servizos para o teu negocio grazas aos convenios que asinamos con entidades como Banco Sabadell, La Caixa, Seguridade A-1 ou Radio Melide.

- **Oferta formativa**

  En Asetem organizamos cursos formativos pensando nas necesidades dos nosos asociados: Escaparatismo, técnicas de venda, prevención de riscos laborais, oratoria, habilidades directivas, primeiros auxilios, redes sociais e internet...

- **Feiras, eventos e campañas**

  Poñemos en marcha numerosas iniciativas ao longo do ano co obxectivo de dinamizar o tecido produtivo local e crear vida na comarca. Son campañas como a de “Este Nadal toca en Melide”, o “Bono Asetem”, a feria de oportunidades “Mercamelide”, a “Noite Aberta”, o “Black Friday” ou a pasarela de moda “Melide está de moda”.

- **Cesión gratuíta do local**

  As instalacións de Asetem están a disposición das empresas asociadas sempre que o necesiten.

- **Bolsa de traballo**

  Axudámosche a atopar o empregado que necesitas.

Aínda non lle ves as vantaxes? Asóciate!!

CCA Melide
CentroComercialAberto
ASETEM

Máis de 200 persoas participan nas actividades do centro social de Melide

A concellería de Igualdade e Benestar do Concello de Melide fai balance, unha vez que xa comezaron todas as actividades, da participación nas iniciativas deste curso 2017/2018 do centro social. Así, a ximnasia de mantemento conta con dúas horas á semana e ten ata catro grupos inscritos que contan con 24 persoas cada un. Trátase dunha ximnasia básica, que axuda ás persoas máis sedentarias a mellorar a súa condición física. Na actividade de cociña hai un total de 30 inscritos, divididos en dous grupos cada un, e nela os alumnos aprenden a elaborar diferentes pratos dependendo da época do ano. A informática ten tamén oco no abano de posibilidades de ocio que se ofrecen dende o Concello. Impartida no telecentro do Edificio Multiusos, conta con dous niveis: un de iniciación ao que asisten 12 persoas e outro de perfeccionamento e redes sociais no que están inscritas 10 persoas. Por outra banda o taller de memoria conta este ano cun total de 20 persoas, que buscan estimular a súa creatividade e a súa mente para mellorar a calidade de vida. E como novidade este ano, púxose en marcha ademais a actividade de bailes de salón, que se organiza no centro social durante hora e media os mércores. Pero a actividade que conta con máis aceptación é a do programa "Bule con Alcer", ximnasia adaptada á que asisten preto de cen veciños. Hai que destacar que o prazo está aberto para inscribirse nas actividades durante todo o ano e pódese facer achegándose ata o centro social ou ao Concello de Melide.

Volta ás aulas para os usuarios do centro ocupacional de Melide

Os usuarios do centro ocupacional de Melide volveron ás aulas despois das vacacións de verán. Este servizo ten as súas instalacións no Edificio Multiusos de Melide, onde hai unha aula adaptada para as diferentes necesidades, así como un espazo ao aire libre para realizar actividade física. Ao longo do curso realizan diferentes tarefas para estimular a súa creatividade e convivencia. Tamén se organizan diversas saídas para ofrecer aos rapaces e rapazas actividades alternativas no seu día a día. Na actualidade, o centro ocupacional conta con 12 alumnos e alumnas de diferentes idades e patoloxías. Todos eles asisten ás actividades en horario de 09.00 a 13.30 horas de luns a venres, e ademais das actividades que realizan, participan en cada evento que organiza o Concello, como por exemplo a Festa do Melindre, a colocación do Belén de Nadal na igrexa parroquial ou a presentación no concurso de Entroido.

Concurso de fotografía en Toques

O Concello de Toques ten aberto ata o 27 de outubro o prazo para participar no seu quinto concurso fotográfico. Poderá participar nel calquera persoa cun máximo de tres obras. Ademais, os participantes deberán adxuntar coas fotografías os seguintes datos: nome e apelidos, dirección de correo electrónico e teléfono de contacto, e título da imaxe. Nesta ocasión a temática é "Toques, unha ilusión", e deberá estar localizada en calquera punto deste termo municipal. En canto aos requisitos, as fotografías deben ter formato electrónico en formato jpg ou tif, non se aceptarán traballos superiores a 2 megas e terán que ser imaxes inéditas e orixinais. En caso de enviar máis dunha imaxe, terá que facerse en diferentes correos cos datos dos participantes en cada un deles. En canto aos premios, haberá unha soa categoría e tres premios de 75, 50 e 25 euros. Os interesados poderán solicitar máis información no Concello de Toques e, no caso de participar, enviar os seus traballos a marina.corral@toques.es.

Homenaxe a "Mingos de Pita"

O pavillón do IES de Melide acolleu unha homenaxe ao recentemente falecido Xosé Domingos Fuciños, máis coñecido como "Mingos de Pita". O acto estivo conducido pola ex-alcaldesa de Melide, Soqui Cea, e contou coa presenza, entre outros, de Xosé Vázquez Pintor, Mini e Mero e Antom Laia. Ademais das actuacións musicais de grupos como Froito Novo, Herba Grileira, Os Melidaos e outras agrupacións.

Bo arranque da tempada para a Escola Ayude de Santiso

Comeza a tempada da escola Ayude de Santiso e non podía facelo de mellor maneira: prata en absoluta e bronce en M17 para Aron Ayude e Nerea Iglesias. E é que vén de celebrarse o primeiro ranking galego de espada absoluta e cadete, e o primeiro memorial José Goas aproveitando as festas de San Froilán. En dito campionato o equipo Ayude fixo notar a súa presenza ao subirse ao podio en ambas categorías. Pero ademais, a Xunta de Galicia acaba de concederlle unha beca a Nerea Iglesias para cursar formación académica e deportiva no Centro Galego de Tecnificación de Pontevedra, despois dunha carreira deportiva chea de éxitos. Un beca coa que poderá prepararse xunto a elite do deporte galego.

No mes de setembro pasaron pola oficina de turismo de Melide máis de 5.000 persoas

As técnicas de Turismo do Concello de Melide veñen de facer balance dos datos que deixou o mes de setembro en canto a visitas se refire, e as cifras recollen a visita de máis de 5.000 persoas que se achegaron ata a oficina de Turismo, situada na parroquia de Furelos. Raquel Sexto, unha das técnicas de turismo da localidade explicou que "tivemos unha media de 170 persoas diarias". Pola súa parte, a maioría das persoas que visitaron Melide no pasado mes foron maioritariamente estranxeiros, "un 56% sumando europeos e visitantes do resto do mundo, fronte a un pequeno descenso dos achegados nacionais cun 44%". En canto a nacionalidades, 2.290 persoas foron españolas, 1.520 achegáronse dende países de Europa, e 1.337 persoas de países do resto do mundo. Neste último apartado destacaron especialmente as persoas que viñan dende Canadá e Corea do Sur.

Éxito de participación nos torneos organizados polo Cire de Melide

O campo municipal de fútbol de Melide acolleu o IV Torneo Fútbol Base "Cire Melide", un torneo que neste percorrido xa se consolidou coma un referente no mes de setembro antes do comezo das ligas do fútbol base das comarcas do interior da Coruña. Equipos chegados de tres provincias competiron nas dúas xornadas deixando un gran sabor de boca aos múltiples afeccionados que coa súa presenza deron ambiente e cor a estes dous días de actividade futbolística. No estritamente deportivo a actividade dividiuse en dous días. O sábado xogaron benxamíns e alevíns, quedando para a mañá do domingo os prebenxamíns, encontros simultáneos en cada parte do terreo de xogo habilitado no formato de Fútbol 8. A segunda fase do torneo dividiuse en dous formatos Champions, onde xogaron primeiro e segundo de cada grupo entre eles, e Uefa onde xogaron terceiro e cuarto. Deixando a un lado os resultados cabe destacar a deportividade dos participantes e a camaradería que reinou en todo o campionato, e é que máis de 300 futbolistas puideron gozar no centro de Galicia coa celebración deste torneo.

Un agosto de fútbol sala

Con anterioridade tamén rematou a XXXVII edición do Torneo de Fútbol Sala "Concello de Melide" – Agosto 2017, organizado polo CF Cire de Melide; un dos torneos decanos deste deporte na comunidade autónoma que volveu a ser todo un éxito de participación e público no mes estival por excelencia. Ademais este ano contou coa presenza de varios espectadores de luxo como foron Pablo Prieto, Presidente da Comisión de Fútbol Sala da Federación Galega de Fútbol, e Pili Costa, seleccionadora feminina sub-21 da Federación Galega de Fútbol. Ambos sorprendidos pola elevada asistencia (arredor de 800 persoas), e o nivel do mesmo.

"El final del Camino" e "Vida"-"Máis ca Vida" en Melide

A Casa da Cultura do Concello de Melide acolleu unha charla-proxección sobre o proceso de elaboración da serie "El Final del Camino". A través desta actividade achegouse aos alumnos do IES de Melide e aos veciños en xeral, a historia de como foi construída a Catedral de Santiago, así como a oportunidade de descubrir o sector audiovisual galego. Por outra parte, o actor e director galego Rubén Riós presentou en Melide a curtametraxe "Vida" e o documental "Máis ca vida", dúas cintas que amosan a forza e a superación das persoas con capacidades distintas. A curtametraxe, rodada en Ourense, está protagonizada por persoas con discapacidade intelectual e durante 50 minutos convida a reflexionar.

Comezan as escolas deportivas nos Concellos da comarca

Tras rematar co prazo de inscrición, os Concellos da comarca Terra de Melide teñen en marcha as distintas escolas deportivas municipais con actividades varias para este curso 2017-2018. No caso de Melide, este ano serán 372 persoas as que participen nas diferentes alternativas que ofrece o Concello, aínda que tal e como acontece cada curso, o fútbol sala foi unha das actividades máis demandadas con máis de medio centenar de inscricións entre todas as súas categorías. No caso do Concello de Santiso ofértanse actividades como ximnasia de mantemento e talleres de memoria para maiores, e para os escolares multideporte, tenis de mesa, reforzo educativo e informática básica. Pola súa parte, o Concello de Sobrado conta con actividades como fútbol sala, multideporte, bádminton, patinaxe, natación, step, pilates, zumba, ximnasia de mantemento e talleres de memoria. Finalmente, o Concello de Toques oferta este ano disciplinas tales como tenis de mesa, patinaxe, psicomotricidade, fútbol sala, karate, tenis, pilates, informática ou manualidades, entre outras actividades. A maiores disto, algúns Concellos tamén ofrecen programas termais e visitas ao balneario.

O comercio local ten premio

Co obxectivo de difundir a campaña "Merca no Comercio Tradicional", a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem), ofreceu a finais do mes de setembro na Praza do Convento de Melide, información a todos os que se achegaron ata o lugar. Ademais, contouse cun "carriño larpeiro" onde se repartiron xeados de forma gratuíta para nenos e maiores. Pola súa parte, a campaña "Merca no Comercio Tradicional" consistiu nun concurso de redacción que tivo por lema "Os pequenos co pequeno comercio", e que estivo dirixida aos alumnos de quinto e sexto curso de primaria de toda a provincia. En total entregáronse 20 premios en diferentes categorías.

Ferreiro e Anido fanse co rally da Coruña

Os melidenses Xesús Ferreiro e Javier Anido alzáronse coa vitoria no Rally Rías Altas da Coruña. No podio xeral, Ferreiro estivo acompañado de Francisco López e David Peña na segunda posición, mentres que o terceiro lugar foi para Cele Foncueva e David de la Puente. O piloto e copiloto melidenses dominaron a proba de principio a fin sen deixar practicamente marxe para a sorpresa. Dentro das categorías que compoñen a proba a que máis cambios e movementos sufriu foi a Pre90, onde Juan Carlos Fernández e Héctor Vicente dominaron ata que unha avaría mecánica os deixou fóra a falta de dous tramos, feito que aproveitaría Foncueva para facerse coa vitoria final. Esta foi a terceira vez que o equipo de Melide participou na proba, alzándose por fin coa vitoria.

Éxito rotundo da primeira foliada de Gaiteiros do Balado

O son das gaitas inundou Toques nunha xornada festiva que xa pensan en repetir

En breve cumprirán o seu décimo aniversario, pero mentres, Gaiteiros do Balado vén de organizar a súa primeira gran foliada no concello de Toques. Nunha xornada na que a gran protagonista foi sen dúbida a música, o día comezou cun "pasa rúas" por Toques a cargo do grupo Airigos Galegos Doce Albor de Santurtzi.

A medida que foron chegando todos os grupos comezaron a soar as gaitas, os tambores, as pandeiretas e foise armando a foliada. Unha vez reunidos, cara o mediodía todos os grupos, veciños, amigos e demais visitantes puideron gozar dun xantar popular para continuar ao seu remate coa festa e as actuacións dos grupos.

Tal foi o éxito que o son das gaitas rematou de madrugada. "Para Gaiteiros do Balado organizar a nosa primeira foliada supuxo un gran esforzo, alguna que outra discusión, pero tamén moita alegría e moita ilusión, porque cando organizas algo como isto por primeira vez sempre andas algo perdido, non sabes ben que é o que necesitas, como se fai, pero a ilusión e as ganas que tiñamos de facer a nosa foliada axudou a que todo saíse ben. Por iso o balance que facemos é moi bo, e ademais tivemos moi bo día, que iso anima aínda máis a festa. A asistencia foi moi boa e os grupos e as persoas que nos acompañaron unha marabilla", comentan os integrantes do grupo.

Nesta primeira foliada de Gaiteiros do Balado participaron, ademais de Airigos Galegos Doce Albor, Os Rosales Maruja e José, A Fonte Merlán de Palas de Rei, a A.C. Palacio do Rei tamén de Palas e Río Miño de Portomarín.

A idea de organizar unha foliada foi xurdindo a medida que Gaiteiros do Balado ía recibindo invitacións de grupos de concellos veciños, e doutros de máis lonxe, para asistir ás súas foliadas. "Decidimos que os Gaiteiros do Balado tamén tiñamos que organizar a nosa e, entre os membros do grupo e a colaboración de moita xente, locais e institucións, o resultado non puido ser mellor. Así que aproveitamos para darlle as grazas pola súa colaboración ao Concello de Toques, á Deputación da Coruña, á Panadería Pastelería de Toques, á Casa Juanito de Melide, a Manuel Buján, á Pulpería Ezequiel de Melide, a Carpas Cernadas de Mesía, a Adolfo Álvarez, Juan M. Varela, ao noso mestre de canto Gustavo e á familia dos Gaiteiros do Balado entre moitos outros que quixeron axudar a que a nosa foliada fose todo un éxito". E tanto foi así que xa pensan en organizar a do vindeiro ano, tamén no mes de setembro.

O bo ambiente foi o outro gran protagonista desta primeira foliada

Na actualidade, Gaiteiros do Balado está formado por 32 persoas que van dende os 5 aos 60 anos de idade, pero se por algo destacan é que "non só somos un grupo de gaiteiros, senón que somos un conxunto de amigos que compartimos o gusto pola música galega e que o que queremos non é chegar a ser o mellor e o máis prestixioso grupo da comarca, senón seguir facendo festa e barullo durante moitos anos alá por onde vaiamos e, como non, gozar da cultura galega".

Gaiteiros do Balado xurdiu nos seus comezos entre un grupo de amigos que, conversando na taberna, pensaron na idea de formar un grupo de gaitas en Toques. Entre eles atopábase un mozo que xa daquela era un apaixonado pola música galega e que sen dubidalo dúas veces dixo "Vós buscade xente que profesor xa o tedes". E así foi. Dende entón, Toño Bande pasou a ser o mestre de Gaiteiros do Balado e aqueles amigos e moitos máis formaron o que a día de hoxe é o grupo.

140 Aniversario da Banda de Música de Visantoña. Capítulo II - A importancia de saber o porqué das cousas

Xosé Núñez López
Presidente de Honra da Asociación Cultural Banda-Escola de Visantoña

Dise que cando non sabemos o porqué das cousas acabamos facéndoas sen sentido. Por iso neste mes chega o II artigo, ao que seguirán outros catro, para intentar saber cal foi o principal motivo polo que a banda popular de música dun concello con tan escasos medios económicos, foi capaz de celebrar o seu 140 Aniversario; feito que podería ser, sen ningunha dúbida, un caso insólito non só en Galicia, senón en toda España.

Así pois, ao longo deste ano 2017, sabendo que a grande maioría de veciños de Visantoña e comarca son seguidores e amigos da súa banda de música, quero expoñerlles os datos sobre cal creo que foi o principal motivo polo que puidemos acadar semellante frutífera lonxevidade, tendo en conta parte do que xa dixen no parágrafo anterior sobre as dificultades de tipo económico polas que sempre atravesou.

Deixando á parte a afección que, sen dúbida existe na comarca pola música en xeral, e moi en particular pola das bandas populares de música, considero que o tan sinalado éxito ten a súa orixe no feito de haber contado con seis directores de banda que, ademais da ilusión que lle puxeron sen ter en conta o beneficio material, perduraron moitos anos ao fronte da mesma, sendo o primeiro deles Ramón López Soto que a dirixiu os primeiros 50 anos.

A historia deste primeiro director e fundador xa quedou relatada en dúas publicacións miñas (*Historia da Banda de Música de Visantoña-Santiso (A Coruña) 1877-2000,* e *1877-2007 Banda-Escola de Música de Visantoña, 130 anos de Historia ininterrompida*, patrocinada esta pola Deputación Provincial), pero aínda así quero destacar as dificultades polas que tivo que pasar cando o señor do Pazo de Vilar de Ferreiros lle mandou organizar unha banda de música, ofrecéndolle algunhas axudas para a compra de instrumentos e uniformes.

Ben, deixando iso a un lado paso a explicar como foi o final de Ramón López Soto, cando a primeiros do ano 1927 por xubilación tivo que facerse cargo da dirección o seu fillo Xaquín López Curros, quen tan só a dirixiu durante dous anos debido a que solicitou, e gañou por oposición, unha praza de cornetín na Banda Municipal de Música de Vilagarcía de Arousa. Foi entón cando colleu a batuta da banda de Visantoña, a finais do ano 1928, Manuel Sánchez Balboa, cuxa historia de máxima importancia relatarei nun próximo capítulo.

Pero como penso que esta pequena historia da "vida e milagres bandísticos" de Ramón López Soto ben se merece un fermoso final, quero deixar aquí narradas as súas dúas anécdotas máis curiosas ocorridas nos primeiros e derradeiros intres dentro da banda de música.

Produciuse a primeira na súa tamén primeira actuación como director, cando o señor do Pazo de Vilar de Ferreiros lle mandou ir dar un concerto ao Pazo de Bascuas, onde celebraban unha festa as dúas señoriais familias. Cando se puxeron a tocar os oito ou nove músicos que eran entón naquel grande patio con balconadas cheas de señores e señoras mirando, López Soto decatouse de que o do bombo tiña algún fallo e achegouse a el con moito disimulo e díxolle: "peta decote carrallo".

A derradeira anécdota tivo lugar na tardiña do día 29 de agosto de 1939, segundo día da festa de San Agustín, cando atopándose tocando dúas bandas de música na festa, a súa neta Carmiña con tan só 12 anos de idade entrou na casa onde estaba o avó na cama enfermo de gravidade e díxolle: "avó, hai dúas bandas de música tocando na festa, a de Visantoña e outra de fóra"; e cando xa apenas podía falar preguntoulle el: "e cal toca mellor", ao que lle contestou a neta para facelo rabiar, "toca mellor a de fóra"; moi anoxado contestou el: "merda pra ti" (con perdón). Estas foron as súas derradeiras palabras, pois non pasaron nin dúas horas cando se produciu o seu pasamento.

Como a casa onde se produciu a súa morte estaba xunto ao antigo campo da festa, ao coñecerse a triste nova as dúas bandas de música deixaron de tocar en sinal de dor e respecto cara a quen durante tantos anos se dedicara á organización e dirección da Banda de Música de Visantoña.

1-O en Cataluña, resultado final?

César Lorenzo Rodríguez, Autónomo

Tamén era outubro, pero de fai algo máis de oitenta anos, cando o presidente da Generalitat Lluís Companys declarou unilateralmente a independencia de Cataluña. Aquela República de Cataluña durou dez horas, o tempo que tardou o xeneral Batet, baixo orde de Lerroux, en superar a resistencia dos Mossos para entrar no Palacio da Generalitat. Tempo despois a Gestapo capturou a Lluis Companys no seu exilio en Francia para fusilalo posteriormente en España. Nos tempos que nos suceden hoxe, vimos e vivimos imaxes lamentables o domingo 1 de outubro. Por un lado temos un Goberno que non tendeu a man ao diálogo dende a época de Artur Mas ata hoxe, vendo que esa bóla de neve es estaba tornando cada vez máis grande ata rematar nunha avalancha. O único que sempre soubo dicir foi: "non, porque non, porque as leis...". E como non se cumpriron as leis, fixeron que se cumpriran á forza enviando antidisturbios, Policía Nacional e demais, como quen ten un león engaiolado dez días sen comer e o libera. A violencia é o último recurso que empregan os incompetentes. Por outro lado está o Govern, actuando de forma desesperada para obter a independencia. As formas non foron as mellores: un referendo que non ten validez (por culpa de non sentarse a organizalo entre todas as partes), sen organización, votando as veces que un queira, cun resultado surrealista de máis do 100 % de votantes e moitos máis erros. A forma de actuar dende a Moncloa provocou que moitos que non querían unha Cataluña independente, desexen agora

que acabe saíndo. O que non saben é que o que realmente queren é unha Moncloa fóra de España. Puigdemont (que obrou sempre baixo o "si, porque si, porque Cataluña é unha República con identidade propia"), en certo modo tamén actuou coma un déspota, dado que as leis de convivencia están para que se cumpran por parte de todos. Enfada que sexan imputados por corrupción os que che digan o que tes que facer. As leis tamén se poden cambiar, "leis fan leis". Todo o mundo ten dereito a votar e a decidir libremente. Pero todo o mundo ten dereito a non ser manipulado, a saber qué pasará cos seus impostos, coas súas pensións, coas fronteiras. Non máis sangue nas rúas, non utilicen aos seus homiños azuis nin aos seus radicais. Séntense e conversen ata encontrar un camiño en común, porque entre o si e o non, como entre o branco e o negro, hai un millón de posibilidades. Se Lluis Companys levantase a cabeza gustaríalle ver unha Cataluña independente, pero avergonzaríase de como se está a facer. Na Transición española Calvo Sotelo, Santiago Carrillo, Manuel Fraga ou Adolfo Suárez (tan diferentes ideoloxicamente falando), puideron sentarse e entenderse. Agora o 1 de outubro tamén pasará á historia, pero como o día da vergoña, da impotencia dun referendo ilegal. Se ambos se autodenominan políticos profesionais, vaian buscando outro oficio. 1 – 0? Díganme, quen gañou cando todos perdemos?

JUAN ÁNGEL CASTRO, GASOLINEIRA YETHI

“Os combustibles antes parecía que rendían máis, pero en realidade eran máis baratos”

Veñen de cumprir o seu primeiro aniversario o pasado 15 de maio, pero non son principiantes no mundo do gasóleo. E é que detrás de Gasolineira Yethi hai unha empresa familiar que conta con experiencia no sector dende o ano 1968. Dende esa data leva en funcionamento a denominada Estación de Servizo Ultreya en Palas de Rei, que xunto coa Gasolineira Yethi de Melide, o servizo a domicilio Gasóleos Palas e a gasolineira Gasogás Palas situada na estrada que vai de Sarria a Lugo, integran o grupo Gasóleos Palas. O servizo que ofrecen en Melide conta ademais co atractivo engadido de ter os combustibles máis económicos da contorna e, recentemente, cunha ponte de lavado de automóbiles de última xeración.

A gasolineira Yethi está situada na estrada que vai de Melide a Agolada, no km 52

“Ao non estar abandeirados por ningunha marca podemos ter o combustible máis económico da contorna”

“O nome da gasolineira é un xogo de palabras co nome dos nosos fillos, Yeray e Thiago”

- A pregunta pode parecer obvia, pero que servizos ofrece Yethi?

- Juan Ángel Castro (J.C.): Pois gasóleo A, gasolina 95 e tamén Adblue, que non é un carburante, senón un aditivo necesario e obrigatorio nos camións para reducir a contaminación. E logo no servizo a domicilio, onde contamos con catro camións, temos gasóleo agrícola, de calefacción e de automoción. Destacar que na gasolineira de Melide tamén contamos con cafetería e incorporamos recentemente unha máquina de lavado de nova xeración, o que se traduce nunha ponte de lavado con auga quente, cera quente e espuma quente que deixa os coches moito mellor. E en canto ás gasolineiras, en total dispoñemos de tres, unha en Lugo, outra en Palas e esta de Melide.

- Son vostedes unha empresa familiar

- J.C.: Si. Xa comezamos no ano 1968 coa de Palas. E a última en abrir foi esta de Melide. Imos medrando pouco a pouco e, de feito, hoxe en día somos xa 14 persoas traballando.

- Yethi é un nome curioso para unha gasolineira. De onde vén?

- J.C.: Vén do nome dos nosos fillos, Yeray e Thiago. Había que poñerlle un nome e gustounos ese. Pero a verdade é que chama a atención, porque cando abrimos mesmo nos preguntaron se pertenciamos a unha petroleira rusa ou inglesa.

- E por que en Melide?

- J.C.: Pensamos que tería boa acollida. E tamén con vistas á futura autovía. Ademais, Melide ten demanda suficiente como para acoller dúas estacións de servizo. E así foi, porque o balance que facemos ata o momento é totalmente positivo. De feito, aproveitamos a ocasión para darlle as grazas dende aquí a todo o mundo pola tan boa acollida que nos deron.

- É complicado abrir unha gasolineira?

- J.C.: Si e non. É preciso ter unha chea de permisos e licenzas como as de Medio Ambiente, Patrimonio, Concello, Industria, etc. A nós concretamente levounos dous anos conseguir todos os papeis porque che esixen cumprir moitos requisitos. Pero iso tamén garante que prestas un servizo de calidade. Despois xa, á hora de traballar non fai falta ningún aspecto ou formación concreta. Calquera persoa pode traballar nunha gasolineira. Iso tamén che permite facilitar a creación de emprego.

- Cal é o carburante máis demandado?

- J.C.: Aquí na estación de servizo o gasóleo A sen dúbida, pero por exemplo nesta zona o que máis saída ten é en domicilio o agrícola, e no inverno o de calefacción.

- Afectou a crise a este sector?

- J.C.: Bastante a verdade. Por norma xeral baixou a subministración, aínda que che veñen máis a miúdo. Moitos temos interiorizada a idea de que se botas menos cantidade aforras, pero en realidade tes que vir máis veces. Por exemplo, cando foi o cambio de pesetas a euros moita xente seguiu coa costume de botar 6 euros ou 12, porque ao cambio viñan saíndo as tradicionais 1.000 ou 2.000 pesetas. Agora eso xa pasa cada vez menos, pero ainda queda algunha persoa que o segue facendo. Hai de todo. O que si é certo, é que perdura o mito de que antes coas pesetas rendía máis o combustible, cousa que non é certa. O que pasa é que o gasóleo estaba máis barato.

- Para económico, o gasóleo de Yethi

- J.C.: Si. Se miras na contorna de Melide o noso gasóleo mantense unha media de seis céntimos máis barato. Podemos permitirnos esa rebaixa ao ser unha gasolineira libre e non estar abandeirada por ningunha marca.

- Traballando nisto entendo que tamén viviu numerosas anécdotas?

- J.C.: Pois bastantes si. Unha das máis recentes é que por exemplo nesta gasolineira, ao ser 24 horas temos caixeiro para a noite, porque de once a sete é autoservizo. Hai que aclarar que o caixeiro só funciona con billetes, non con moedas. Aínda que che teña que devolver en moedas o que che dá é un vale que podes usar cando queiras, pero nunca moedas. Con isto, un día veu un señor e dixo que quería seis euros de gasóleo, e non fomos capaces a facerlle entender que non podíamos, que o caixeiro non tiña moedas. Claro, a situación foi un pouco cómica, pero bueno, todo se resolveu ben.

Gasolineira Yethi
Tlf: 982 38 00 71
Estrada Melide - Agolada

Isto non é unha lata.

É unha oportunidade de conservar o medioambiente. Recicla.

Centro Comercial Aberto de Melide - ASETEM-

Espazo informativo e Talleres Infant²s

Ubicación: Parque de San Roque

Venres 20 Outubro| 15.30-18.30 h

Separemos *ben*. Reciclaremos *mellor*.
NON ROMPAS O ESFORZO DE TODOS
RECICLA

oportunidades Galicia

SOGAMA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE

ecoembes El poder de la colaboración

XUNTA DE GALICIA

www.oportunidadesparareciclar.gal